



RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: INICIO EXPTE. CONTRATACIÓN DE SENDA PEATONAL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR-FASE II. IDAE. PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020 (O-3/2020).

EXPEDIENTE: 2020/G003/000007

Vista a Resolución pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda o abeiro do Real decreto 616/2017 de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvenciones a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, modificado polo Real Decreto 1516/2018 de 28 de decembro e o Real Decreto 316/2019 de 26 de abril, e se concede unha axuda de 773.767,52 € sobre un investimento elixible de 967.209,40 €, para a realización do proxecto e obra **SENDA PEATONAL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR-FASE II**, de 12 de xullo de 2019.

Vista a memoria descritiva de **SENDA PEATONAL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR-FASE II**, redactada por Lorenzo Riveiros Jorge en data 4 de xaneiro de 2019.

Considerando que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía, en calidade de órgano de contratación, considera necesario que se tramite un contrato para a execución da redacción de proxecto e da obra prevista na antedita memoria de acordo co indicado no informe de necesidade da concelleira de urbanismo de data 23 de decembro de 2019, e no que se indica que:

“Se propone la ejecución de varias sendas para potenciar los itinerarios peatonales y/o ciclistas y garantizar la accesibilidad universal de los mismos, siendo objeto de este proyecto la siguiente:

- *Senda peatonal y ciclista en las parroquias del Centro-Sur - FASE II*

Las actuaciones energéticas actúan sobre la movilidad urbana para conseguir cambios importantes en el reparto modal, con una mayor participación de los modos más eficientes, en detrimento de la utilización del vehículo privado con baja ocupación, así como fomentar el uso de modos no consumidores de energía fósil.



Todas estas actuaciónes estarán incluídas dentro del Plan de Movilidad Sostenible Urbano de Teo.

Las actuaciónes del presente proxecto se ubicarán en la mitad sur del municipio de Teo, en concreto, en las parroquias de Luou y Rarís.

La senda mixta se ejecutará aprovechando los márgenes de diversas vías ya existentes y enlazando con los tramos ejecutados previamente en las distintas fases de construcción de la Senda peatonal y ciclista en las parroquias del centro-sur.

La actuación se iniciará en el Lugar de Fornelos y se finalizará en A Ramallosa, con un total de 5,27 km que se ejecutarán en hormigón armado coloreado.

Este proxecto cuenta con una ayuda de 773.767,52 € al amparo y de conformidad con lo establecido en el Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proxectos singulares de entidades locais que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa Operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020, modificado por el Real Decreto 1516/2018, de 28 de diciembre, y el Real Decreto 316/2019, de 26 de abril. “

Visto que, a efectos do previsto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía, considera necesario que se tramite un contrato a fin de dar cumprimento ao disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e que conta cunha subvención do IDAE para proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, por importe de 773.767,52 €, tal e como se indica no informe de necesidade citado.

Considerando que, de acordo co indicado pola área de urbanismo, o importe da contratación ascendería a novecentos sesenta e sete mil douscentos nove euros con trinta e seis céntimos (967.209,36 €), correspondendo 11.419,24 € á elaboración do proxecto, 787.927,34 € á execución da obra, e 167.862,78 € ao IVE.



Visto o artigo 116 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e considerando a competencia da Xunta de Goberno Local para a adopción deste acordo por delegación da Alcaldía (Res. 522/19) así como o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relativo á avogación de competencias delegadas,

RESOLVO:

Primeiro.- Avogar, en relación ao presente expediente de contratación, a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Decreto da alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/19), de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Iniciar o procedemento de contratación do contrato mixto de servizos e obra **SENDA PEATONAL E CICLISTA NAS PARROQUIAS DE CENTRO-SUR-FASE II**, cuxo orzamento ascende a 967.209,36 €, por procedemento aberto simplificado, asignándolle o núm. de expediente O-3/2020.

Terceiro.- Incorporar ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición adicional terceira da LCSP a seguinte documentación:

- Certificado de existencia de crédito.
- Prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas.
- Informe de Secretaría.
- Informe de fiscalización de Intervención.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe

O alcalde
Rafael Carlos Sisto Edreira

A secretaria accidental, que dou fe
María Elena Sueiro Fernández